

# Área de Igualdade da Deputación Provincial

## “8M, Mes a Mes”

Dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial, e continuando co programa “8M, Mes a Mes” queremos brindar unha homenaxe a todos e todas as traballadoras que estiveron en primeira liña na vaga de lumes vivida este verán en Ourense. Queremos agradecer o seu traballo e dedicación a todos e todas as técnicas, capataces, emisoristas, axentes, brigadistas e demais medios implicados na extinción de incendios. Neste caso queremos brindar unha homenaxe con perspectiva de xénero ca figura de Noelia Conde Míguez, xefa de brigada forestal en Azureira, no Distrito Forestal XII, e con orixe no Carballiño.

O lema seleccionado para esta homenaxe aos medios de extinción de incendios e de emerxencias que colaboraron na vaga de lumes foi: **“O lume non entende de teitos de cristal”**

Sendo varios os anos que Noelia Conde leva traballados como Xefa de Brigada asegurounos que o vivido nesta campaña foi diferente: “Este verán, Galicia ardeu como poucas veces na historia. As cifras son frías e abrumadoras: decenas de miles de hectáreas queimadas, aldeas evacuadas, casas destruídas, familias que o perderon todo. Pero detrás de cada cifra hai rostros, bágoas, decisións urxentes e un esforzo colectivo que non se ve nos titulares.” Noelia recorda esos longos días en primeira liña dos lumes con moita dor e un eterno agradecemento a todos os veciños e veciñas que se achegaron aos medios de extinción para brindarlle ánimo, apoio e víveres. A súa vez, Noelia sintese moi orgullosa do traballo dos seus compañeiros, “Vin bombeiros dándoo todo, pilotos arriscando as súas vidas, aldeas enteiras unidas para defender as súas vivendas. Entre o fume, tamén hai esperanza. Galiza ardeu, pero saberá renacer.” Ademáis, a capataz Conde asegura que o liderazgo non entende de xénero, senón de compromiso, preparación i empatía. Requisitos que estiveron moi presentes durante a coordinación desta campaña.

Para finalizar ca homenaxe, a Deputación Provincial quere agradecer a todos os medios de extinción o seu importantísimo labor. A valentía e implicación laboral deste sector queda máis que demostrada, a poboación e administración non esquecerán todo o esforzo realizado. Ademáis, a Deputación Provincial non se quere esquecer das veciñas e veciños, afectados pola vaga de incendios, aos que quere transmitir que non están solos. O corazón deste organismo está con todos os que perderon os seus fogares, as súas terras e os seus recordos.



#igualOU